

Todos os días, as mulleres estamos en loita: para sobrevivir nun mundo cheo de guerra, machismo e pobreza, para vivir a vida que queremos e para transformar o mundo con xustiza, igualdade e liberdade. O 8 de marzo é o Día internacional das mulleres. Todos os anos, nesa data, saímos ás rúas organizadas para loitar.

Mentres o capital empurra á pobreza ás mulleres, ás clases traballadoras, ás poboacións racializadas, ás persoas LGBT, e aos pobos do mundo todo coas súas políticas de privatización, espolio e guerra, o neoliberalismo busca as chaves da súa crise en colaboración co imperialismo. Hoxe, as contradicións acumuladas do capitalismo chegaron ao punto de ser insostibles. Mentres que o aumento do desemprego, a inseguridad, a inestabilidade financeira e a concentración da riqueza acadaron niveis record, está claro que o capitalismo precisa aumentar a explotación das mulleres e da terra para sobrevivir.

A mercantilización e a privatización dos servizos públicos, a degradación da natureza e a crise ecolóxica que impulsa a crise climática son efectos do agravamento do conflito entre o capital e a vida. A explotación aumenta e as mulleres somos as máis afectadas. Os intereses corporativos van por diante da saúde. As transnacionais rouban e saquean a terra, sen respectar os dereitos e impoñen débedes ilexítimas a todos os pobos.

Vemos como a reconfiguración do colonialismo é reflectida nas políticas migratorias racistas, no peche de fronteiras, a criminalización de refuxiadas e o aumento do bloqueo económico, político e financeiro aos pobos cuxos intereses non se pregan aos intereses deste sistema depredador. O conservadorismo, os fundamentalismos e o autoritarismo impoñen un proxecto de morte e criminalizan os movementos sociais que se atreven a opoñerse a el.

O imperialismo non dubida en ameazar a paz mundial para superar esta crise do capitalismo. A OTAN, a organización de guerra do imperialismo, apoia o armamento de todo o mundo e prepara o camiño para as intervencións militares. Nós seguimos opoñéndonos a todas as destrucións do imperialismo, desde Afganistan até Siria, desde Palestina até o Sáhara defenderemos sempre a solidariedade e a paz.

O 2023 non é un ano calquera. Enfrontamos, a diario, ataques e agresións a un estado de benestar que se derruba por momentos. Enfrontamos tamén unha economía galega ao servizo de intereses alleos a Galiza. Como resultado das últimas crises fica desaparecido o suposto papel protector do sistema público de servizos sociais e a importancia dos servizos públicos no sistema capitalista vese relegada a un segundo, terceiro ou cuarto lugar.

Levamos moitos anos denunciando o desmantelamento dos servizos públicos fronte ao lucro do grande capital, alertamos das reformas, da queda do público fronte o privado. A resistencia feminista continua alerta na Galiza. Por iso nós, da

Marcha Mundial das Mulleres, dicimos: Servizos públicos para mellorar a vida das mulleres!

Estas son as nosas exixencias inmediatas neste 8 de marzo:

1.- Queremos empregos, salarios e pensións dignas. Queremos un sistema público de protección para o desemprego con cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación e subministracións.

2.- Queremos maternidades dignas. Un sistema público de escolas infantís e baixas xustas remuneradas para a crianza e a conciliación.

3.- Queremos a vida no centro. Un sistema radicalmente diferente mais en canto non chega demandamos un sistema público de benestar que dea soporte ás persoas máis vulnerábeis e garanta vidas felices.

4.- Queremos educación feminista para transformar o mundo. Un sistema público de ensinanza con perspectiva feminista que garanta a non discriminación e unha aprendizaxe libre.

5.- Queremos saúde para a vida das mulleres. Un sistema público de saúde con perspectiva feminista, investimento e recursos humanos para a prevención, acompañamento e atención á saúde das mulleres.

6.- Queremos os nosos dereitos sexuais e reprodutivos garantidos.

7.- Queremos os coidados fóra do mercado. Un sistema público de atención á dependencia e ás nosas maiores, con condicións dignas para traballadoras e usuarias.

8.- Queremos dereitos para todas. Un sistema público que garanta os dereitos de todas, o fin dos discursos de odio e a desaparición das leis de estranxería.

9.- Queremos a fin da violencia machista. Uns servizos públicos que traballen na prevención, acompañamento e atención das mulleres que sofren violencia machista. Exiximos máis recursos e programas públicos para traballar na erradicación da violencia machista.

10.- Queremos protexer e preservar o noso territorio. Que o territorio e os bens comúns que contén sexan de xestión pública e non un ben de mercado a espoliar e arrasar polo capital.

Polo tanto, é urxente que sigamos coas nosas estratexias colectivas e solidarias para poñer no centro a sostenibilidade da vida, desde a nosa autoorganización e en alianzas cos movementos sociais que teñen como obxectivo transformar o mundo.

A economía, a saúde e a soberanía alimentaria derrumbanse mentres a explotación, o espolio e o belicismo aumentan a diario. As nosas irmás, as nosas compañeiras de todo o mundo seguen en pé de loita levantando trincheiras nos seus centros de traballo, socializando os coidados, coidando unhas das outras, loitando por condicións laborais dignas, organizadas, sindicadas. As folgas que deixaron a súa pegada nos últimos anos demostran que se as mulleres paramos, para o mundo.

A nosa rebelión, ten a raiba de todas as mulleres que sufrimos inxustizas, a valentía de non escoitar as prohibicións e a esperanza de transformar o mundo e a sociedade tal e como a coñecemos. Non abandonamos as rúas nos peores días, con manifestacións e resistencias, especialmente hoxe, 8 de marzo. En todo o mundo, as mulleres están na fronte da demanda de cambios sistémicos.

Opoñémonos a toda forma de violencia no traballo, nas escolas, nos barrios, nas vilas e aldeas, onde sexa que esteamos. Só o feminismo e a clase traballadora unida, organizada e na rúa podemos poñer fin a un sistema de miseria e retroceso.

Hoxe e sempre até lograr unha transformación real, seguiremos en marcha até que todas sexamos libres.

***Resistamos xuntas, marchemos xuntas!***